

ANUNCIO

## **DELEGACIÓN ALCALDÍA**

O día 11/12/2023 ditouse a Resolución da Alcaldía número 1145/202/2023 que segue:

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

### **AUSENCIA da Alcaldía dende o 12 de decembro ao 15 de decembro de 2023 ambos inclusive e cambio craveiros**

Por ter que ausentarme da Alcaldía dende o 12 de decembro a 15 de decembro de 2023 ambos inclusive, de conformidade co disposto no artigo 23.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; no artigo 63 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia; e no artigo 47 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais, RESOLVO:

#### **PRIMEIRO**

Delegar as funcións da Alcaldía durante o citado período no 1ª Tenente de alcalde, Don Julio Alcalde Hermo. No suposto de producirse a vacante, ausencia ou enfermidade do anteriormente indicado, as referidas funcións pasarían automaticamente aos demais tenentes de alcalde, segundo a orde de nomeamento. No suposto que o abaixo asinante alcalde se reincorporase ás súas funcións antes de ter transcorrido o período expresado no apartado núm. 1 da presente resolución, a presente delegación quedaría automaticamente revogada.

#### **SEGUNDO**

Que as resolucións Administrativas que se adopten no exercicio desta delegación, se notifiquen ao interesado con indicación de dita circunstancia.

#### **TERCEIRO**

Notificar o presente Decreto ao interesado, procedéndose a súa publicación no taboleiro de editos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia, dándose conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre.

O Alcalde, Julian Bustelo Abuin

Rianxo, luns 11 de decembro de 2023.

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

doc. 589.478 exp. 2023/G003/001260